

6 *Article*

Políticas e poéticas de segunda man: A espectralidade no proceso da tradución

María do Cebreiro Rábade Villar
Universidade de Santiago de Compostela.¹

Keywords

Spectrality
'Second hand'
Translation theory
Allophony
Autor translation
Pseudo-translation

Palabras clave

Espectralidade
Segunda man
Teoría da tradución
Alofonía
Tradución de autor
Pseudo-tradución

Abstract

This article seeks to provide a theoretical framework through which to analyse the strategies of publishing invisibility or visibility of Galician authors who are practitioners of translation in Galicia as well as their social role as writers. Against the model of professional translation, and sometimes in alignment with it, 'author translation' produces, in terms of production as well as reception, idiosyncratic dynamics in the literary field which require, in turn, an understanding of their specific characteristics. On the basis of a now long history of authorial translations in Galician which has one of its pioneering figures in Álvaro Cunqueiro in the role of the translator-author, different opportunities coincide with and in turn lead to the assumption of different positions. On the one hand, the authors' version can represent a determination to create tradition through translation. In the same way that Antoine Compagnon spoke of a 'second hand' to refer to the function of quotations and allusions in texts, there is a second hand that is invisible in appearance, but which always leaves its traces in the work of some author-translators who write their poetry and speak of their sources and influences when they translate certain works into Galician. What underlines many of these effects is not so much the determination of author-translators to appear or disappear as the manner in which their names serve (or obstruct) certain tendencies in the Galician cultural system.

¹ —

Este artigo está baseado nun traballo presentado baixo o mesmo título no II Congreso Internacional 'Tradución e políticas editoriais', celebrado en Vigo entre os días 15 e 17 de outubro de 2008. Agradezo a Liliana Valado e Ana Luna as valiosas suxestións que me fixeron no debate que seguiu a aquela intervención. Quero deixar tamén constancia da miña gratitude a Helena Miguélez Carballeira polo intercambio de ideas e pola súa xenerosidade no envío de múltiples materiais de traballo que me permitiron reconsiderar e darlles continuidade ás miñas reflexións iniciais.

Resumo

O artigo pretende achegar un marco teórico que dea conta das estratexias de invisibilidade ou visibilidade editorial dos autores e autoras galegos

*Políticas e poéticas de segunda
man: A espectralidade no
proceso da tradución*
María do Cebreiro
Rábade Villar

que exercen, ademais do seu papel social como escritores, a tarefa da tradución en Galicia. Fronte ao modelo de tradución profesional, aínda que nalgúns ocasións en concorrencia con el, a 'tradución de autor' xera, tanto na produción como na recepción, dinámicas singulares no campo literario que piden, á súa vez, ser comprendidas nos seus trazos específicos. Partindo dunha xa longa xenealoxía de traducións autorial en Galicia que ten un dos seus piares na figura de Álvaro Cunqueiro, no rol do tradutor-autor conflúen distintas posibilidades que xeran, á súa vez, tomas de posición diferenciais. Dunha banda, as versións dos autores poden supoñer unha vontade de crear tradición a través da tradución. Do mesmo xeito que Antoine Compagnon falaba dunha 'segunda man' ao se referir á función das citas e alusións nos textos, hai unha segunda man en aparencia invisíbel, pero que deixa sempre os seus trazos, no traballo dalgúns tradutores-autores que escriben a súa poética e falan dos seus referentes e das súas influencias cando trasladan certas obras ao galego. O que subxace a moitos destes efectos non é tanto a vontade dos autores-tradutores de aparecer ou desaparecer como o xeito no que os seus nomes serven (ou estorban) a determinados propósitos sistémicos.

Políticas e poéticas de segunda man: A espectralidade no proceso da tradución
María do Cebreiro
Rábade Villar

2

Para o ensaio de Benjamin 'A tarefa do tradutor' sigo a edición de Hannah Arendt (1969).

3

Dende distintas perspectivas, autores como Christopher Whyte (2002) ou María Filippakopoulou (2005) teñen dedicado reflexións ao fenómeno da autotradución, unha das modalidades posibles da tradución autorial.

4

Un dos artigos máis explícitos no seu postulado dun entedemento político das prácticas tradutivas é o de María Tymoczko (2000).

5

Se partimos da oposición de María Tymoczko (1999) entre a 'desfamiliarización' e a 'asimilación', podería argumentarse que a invisibilidade, entendida como táctica en certas traducións de autor e non como efecto dunha lectura automatizada dos textos, pode ter un efecto desfamiliarizador. Ou, por dicilo na terminoloxía de Venuti (1992), certos xeitos de silencio poden ser tamén entendidos como 'estratexias de resistencia' á 'domesticación' cultural. A problematización crítica dos conceptos de 'desfamiliarización', 'asimilación', 'resistencia' e 'domesticación' para o campo cultural galego débese a Olga Castro (2005: 33), que os emprega ao fío dunha reflexión sobre as traducións da literatura galega no Reino Unido.

“

En que sentido pode afirmarse que é espectral o labor da tradución? George Steiner (1975: 270), parafraseando o xa clásico traballo de Walter Benjamin,² foi un dos primeiros autores en subliñar a presenza fantasmal (*ghostly presence*) do tradutor ao longo dos séculos. Este artigo pretende recoñecer as particularidades desa espectralidade nas traducións de autor, concibidas como todos aqueles textos asinados por un axente cultural ao que o seu campo de adscrición socioliteraria recoñece asemade como escritor.

Dende as prácticas de autotradución até os casos de aparente incomunicabilidade entre os territorios da escrita propia e da tradución profesional, pasando polo uso deliberadamente creativo da práctica de traducir, a tradución de autor abre un amplo abano de prácticas que xa deron lugar a algunhas achegas bibliográficas no ámbito dos *Translation Studies*.³ Sen dúbida, cumpriría vincular este interese polo exercicio da tradución creativa a unha concepción abertamente militante da tradución por parte de certos teóricos e teóricas sensibles a todos aqueles procesos de translación cultural que, coma as traducións autorais, poderían implicar de antemán un alto grao de performatividade e de desvío.

Con todo, nos estudos de tradución que se viñeron desenvolvendo en Galicia até o momento, semella prevalecer aínda a tendencia descriptivista de Itamar Even-Zohar e Gideon Toury, pouco proclive ao entendemento da tarefa de traducir como exercicio de intervención na esfera social.⁴ Correlativamente, a tradución de autor no campo cultural galego, tanto no plano da produción como no da recepción, aínda se atopa á espera de ferramentas e modelos analíticos para a súa cabal descrición e explicación. Na acepción de George Steiner, a espectralidade garda relación cunha dinámica histórica de invisibilidade. Como todas as operacións de silenciamento, a invisibilidade adoita implicar, cando menos potencialmente, a posibilidade dunha reversión. Xa Gracián, nunha máxima, aconsellara: 'para aparecer hai que desaparecer', recoñecéndolle ao silencio un papel activo que a teoría crítica non sempre semella percibir. Cando menos dende a monografía de Lawrence Venuti (1995), o tropo da invisibilidade converteuse nun motor privilexiado do pensamento actual sobre as prácticas tradutivas. Pero o ton deliberadamente apoloxético do seu ensaio, que reclamaba a necesidade de facer socialmente máis explícita a tarefa de quen traduce, podería ser complementado, ou mesmo matizado, por unha análise atenta ás estratexias que toman deliberadamente a invisibilidade como ferramenta. Nun contexto teórico proclive a entender a tradución en sentido ideolóxico (ou, máis propiamente, político), cumpriría preguntarse se a única estratexia de apropiación cultural dos textos traducidos é facer evidente o feito de que son o resultado dun proceso de intervención cultural. Na miña perspectiva, o uso estratéxico das traducións por parte dalgúns axentes non é en absoluto incompatible co que, seguindo a Steiner, denominei espectralidade. De feito, o espectral na tradución podería ser definido non tanto como *o que non se ve como o que xoga a ser invisible no seu propio proveito*.⁵ A miúdo, como sabemos, o silencio é o resultado do silenciamento. Pero, do mesmo xeito, o silencio (que nesa acepción activa deberíamos denominar máis ben *mutismo*) pode ser usado como estratexia de resistencia e até como práctica subversiva.

Ao falar de espectralidade na tradución quérome referir, precisamente, ao carácter indeterminado e flutuante da palabra literaria dos

Políticas e poéticas de segunda man: A espectralidade no proceso da tradución
María do Cebreiro
Rábade Villar

6

No post titulado 'Alternativas á hipoteca da presenza na proxección cultural exterior' do blog *Lándoa: Marxes de texto* pode atoparse unha das reflexións máis lúcidas sobre este tópico: (<http://landoa.blogspot.com/search?q=proxecci%C3%B3n+exterior>).

7

M^a Carme Pazos (1993) foi unha das primeiras autoras en achegarse á análise do Álvaro Cunqueiro tradutor.

tradutores-autores. En contextos culturais coma o galego, estas poéticas do mutismo poderían ser explicadas á luz das categorías de desaparición e melancolía culturais. Se como mostra Susana Kampff (2002) a tradución é sempre unha tarefa melancólica, na medida en que está vinculada ao sentido de perda e á conciencia dunha restitución imposible, a tradución literaria en Galicia é, polo miúdo, dobremente melancólica. O perdido, neste caso, non sería só ese texto orixinal imposible de trasladar como tal a outro contexto, senón a propia cultura concibida, se se me permite a metáfora, coma un libro de historia ao que lle faltasen os primeiros capítulos. A extensión social de tópicos como o do 'déficit cultural', a apelación á urxencia de 'encher baleiros' ou, máis recentemente, a énfase na necesidade dunha 'proxección exterior da literatura galega'⁶ obedecen, sen dúbida, a esta concepción carencial que aquí tentei ilustrar coa imaxe da cultura como libro.

Tradución profesional ou tradución de autor? Autotradución, alofonía e tradución creativa en Álvaro Cunqueiro

A análise dos termos nos que se libraron recentemente algúns debates que tiveron lugar no campo literario galego deixa ver nidiamente a construción de dous obxectos discursivos, que adoitan presentarse como enfrontados. Dunha banda, situaríase a tradución de autor; da outra banda, a tradución profesional. Como teremos ocasión de expoñer no que segue, esa contraposición vese acompañada dunha desigual asignación de valor ás dúas tarefas: os tradutores profesionais desempeñarían o seu traballo de acordo con criterios de 'rigor'; no entanto, o interese das traducións levadas a cabo polos escritores e escritoras viría dado, no mellor dos casos, pola posibilidade de acceder a claves das súas propias obras e non tanto pola 'calidade' das versións ofrecidas. Interesa notar que esta oposición é máis retórica que empírica, xa que a concorrencia entre as prácticas autorais e profesionais é relativamente frecuente. Sen contar con que os mecanismos que subxacen á depreciación dunhas prácticas fronte a outras deixan ver, na maioría dos casos, máis as condicións de posibilidade do campo cultural dende o que se formulan que as limitacións dos obxectos deprezados.

A xenealoxía da tradución autorial en Galicia ten un dos seus piares na figura de Álvaro Cunqueiro, paradigma da figura textual que estamos a describir polo grao notable de liberdade co que sempre operou, tanto nas súas autotraducións como nas súas versións doutros escritores.⁷ En consoancia co carácter anticipadamente hipertextual da súa obra, a práctica tradutora de Cunqueiro constitúe un desafío a nocións estables da propiedade literaria, que fundamentaron até non hai moito o entendemento da tradución. Oposicións como a de 'orixinal' e 'versión' perden toda a súa operatividade en casos nos que, como en varias das súas obras narrativas en galego e en castelán, o tradutor reescribe o texto de partida de acordo cos valores que lle asigna á comunidade de receptores da lingua de chegada.

Unha práctica interesante neste contexto é a da 'alofonía fantástica', estudada por Iago Castro (2004) para se referir a doce poemas aparecidos no suplemento de *Letras do Faro de Vigo* entre 1964 e 1971. A partir da creación de nomes de pluma de distintas nacionalidades que escriben en galego (Dezio Arvenu, Enzo Carletti da Muroña, Antonio Bariolim, Eliano Ardeanu, Carlo da Marjolana, Erik Triggvason, Argret Svaden, Frank Sigmundson, Knut Tellanken, Enzo Buocompgani ou Giorgio Cantalupo), Cunqueiro postula

Políticas e poéticas de segunda man: A espectralidade no proceso da tradución
María do Cebreiro
Rábade Villar

8

En estreita relación cos ‘alófonos fantásticos’ atópanse as denominadas pseudo-translations, termo que fai referencia a aqueles textos definidos como traducións nos seus sistemas meta, pero que non proveñen de ningún orixinal, e que deron xa lugar a algunhas achegas moi suxestivas nos Translation Studies. Para estas supostas versións de autores en cuxo corpus non consta ningún orixinal relacionable co texto traducido, véxase Susan Bassnett (1998).

9

Nalgunhas das entregas semanais do *Faro de Vigo*, Cunqueiro asinaba co pseudónimo ‘Manuel María Seoane’. Coa súa graza acostumada, Cunqueiro referiu que nunha ocasión alguén encarecera diante del a calidade das traducións do poeta lugués. A anécdota ilustra a complexidade dos efectos de lectura provocados polo uso dun pseudónimo. Débolle esta información a Cristina Martínez Tejero, autora do Traballo de Investigación Académico ‘O Discurso do *Faro de Vigo* e o seu Posicionamento em relación ao Proto-Sistema Cultural Galeguista. Anos 1968-1969’, inserito no proxecto Poluliga/Fisempoga do Grupo de Investigación Galabra da Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela.

implicitamente unha expansión ficcional da relación da literatura galega con outras tradicións culturais máis ou menos distantes, convertendo o que hoxe denominaríamos ‘proxección exterior da cultura’ nunha humorística *myse-en-abîme*.⁸ En efecto, os alófonos fantásticos de Cunqueiro presentan, no plano da recepción, particularidades derivadas do seu uso intensivo da ironía. Para todos aqueles lectores máis ou menos adestrados na poética cunqueiriana, o emprego de nomes como o de Giorgio Cantalupo revelaba máis unha intención lúdica que o propósito de mostrar a difusión internacional da literatura galega. Ao mesmo tempo, resulta indubidable que nalgún nivel de lectura estes textos alófonos podían ser entendidos como probas da interculturalidade da poesía escrita en galego. Que as probas, á fin, resultasen ser ficcionais non ten por que anular de todo o seu potencial argumental, e en certo sentido podería mesmo acrecentalo.⁹

O traballo de Cunqueiro como tradutor dinamita asemade a presunta distinción entre tradución profesional e tradución autorial. En cal dos dous ámbitos deberíamos situar, por exemplo, as versións que editaba en colaboración co tradutor Plácido Castro? Ou, formulándoo dun xeito máis xenérico, que matices engade a unha tradución a colaboración entre dous autores cun coñecemento dispar das tradicións lingüístico-literarias implicadas na tarefa de traducir e aos que o campo cultural galego da época asignaba papeis sociais ben diferenciados? Dentro das prácticas tradutivas de Cunqueiro, obxecto dunha escolma de Xesús González Gómez (1991), tamén habería que referirse a aqueloutras nas que a relación entre ‘orixinal’ e ‘tradución’ (en ocasións por se tratar dunha tradución indirecta) dista ben de calquera noción afín ao ideal de literalidade. Resulta moi acaído, neste contexto, o ensaio de Jordi Doce sobre a tradución como xeito de escritura, onde se atopa o seguinte aforismo: ‘Todo texto literario es traducción de otro que lo antecede, incluso si no existe’ (2008: 14). Aínda que máis suxeita á lóxica do enxeño que á da explicación, a sentenzia de Doce fai visible a importancia das nocións de perda e desaparición tanto no traballo de traducir como no da escrita. E a desaparición e a perda foron sen dúbida motores tanto na tradución como na escrita literaria galega dende o Rexurdimento.

A tradución de autor como invención da tradición. Os paradigmas humanista e institucional no campo cultural galego.

Do mesmo xeito que Antoine Compagnon (1979) falaba dunha ‘segunda man’ para se referir á función das citas e alusións nos textos, hai unha segunda man en aparencia invisible, pero que deixa sempre os seus trazos, no traballo dalgúns tradutores-autores que escriben a súa poética e falan dos seus referentes e das súas influencias cando trasladan certas obras ao galego. É o que ocorre, por aducir posicións diferenciais, cando Darío Xohán Cabana traduce a Petrarca (1989) ou a Dante (1990, 1994), cando Manuel Outeiriño traduce a Lawrence Sterne (1992), cando Xurxo Borrazás traduce a Henry James (2006) ou a William Faulkner (2007), cando Xesús Fraga traduce a Julian Barnes (2006) ou a Vladimir Nabokov (2008) ou cando Daniel Salgado traduce a Allen Ginsberg (2007).

En efecto, interesa notar que con frecuencia o labor de versionar textos alleos pode servir ao propósito de inventar a propia tradición. Nos casos citados, modelos de ‘tradución autopoética’, esa invención toma como referente privilexiado a escritura de quen traduce, de xeito que a

tradución se converte nun xeito de recoñecemento público dunha débeda persoal. Claro que este proceso acada matices singulares cando o referente que precisa ser reescrito para marcar as filiacións non é a obra dun autor individual, senón a tradición literaria no seu conxunto. É dicir, a tradución pode entenderse como un mecanismo de reparación cultural, chamada a 'encher os baleiros' do discurso historiográfico. Este proceso acada matices moi específicos en contextos culturais como o galego, afectados intensamente pola conciencia da perda. Ante a constatación de supostas faltas na historia literaria, o tradutor pode erixirse nunha das instancias de restauración desas fendas históricas.

Aquí, e cavilando na historia da literatura galega contemporánea, pode verificarse o tránsito dun paradigma humanista ou preindustrial a un paradigma ligado á noción de industria cultural. No primeiro, autores como Álvaro Cunqueiro, Aquilino Iglesia ou Isidoro Millán González-Pardo e, nun sentido afín, Plácido Castro, operaban, nun sentido moi literal, como chaves para a apertura da tradición galega a outras culturas literarias. Un repaso por algunhas das traducións achegadas por Álvaro Cunqueiro no suplemento do *Faro de Vigo* entre finais dos sesenta e comezos dos setenta permite ilustrar o funcionamento deste paradigma. A diversidade das fontes fala por si soa: entre outros, e baixo o pseudónimo de Manuel María Seoane, o autor traduce a Paola Simonelli, Pierre Dalle, C. C. Cummings, Ion Viner, Magda Isamos, Nichita Stanescu, Maria Banus, Piera Germani, Langston Hughes, Tomás Garces, Thomas Hardy, R.S. Thomas, Pierre Emmanuel, Paul Eluard, Diego Valeri, Roy Campbell, Auriel Baranga, Rilke, Max Jacob, Hilarie Belloc, Pierre Emmanuel, Lucio Piccolo, Siegfried Sasson, J.V. Foix e Salvador Espriu, Marta Pessarrodona, Blaise Cendrars, Joan Teixidor, Eliano Ardeanu, Gerald Manley Hopkins ou Mario Moretti. Significativamente, en moitos casos a tradución achega notas e paratextos explicativos. Ás veces os poetas da mesma procedencia lingüística son agrupados en pequenos feixes antolóxicos que pretenden achegar unha visión panorámica da produción contemporánea nesa lingua. Noutras ocasións, Cunqueiro complementa as versións ofrecidas con artigos que fan referencia ao autor ou á tradición poética na que se inscribe, e que son asinados por distintos nomes de pluma. Cando ofrece traducións do romanés, do catalán ou do galés, adoita indicar a procedencia cultural das fontes, nun exercicio deliberado de visibilización das 'literaturas pequenas'. Todas estas prácticas informan dun entendemento prioritariamente cultural da tradución. En primeiro lugar (e esta será tamén a aposta fundamental de tradutores anteriores ou contemporáneos coma Iglesia Alvariño ou Plácido Castro), Cunqueiro elixe traducir poesía. No plano da escolla autorial, non se pode dicir que as súas apostas obedezan en todos os casos ao *mainstream* da época, nin tan sequera ao canon global da lírica do século XX. Ademais, o autor manifesta unha sensibilidade especial cara a tradicións culturais que, coma a romanesa, a catalá ou a galesa, poderían ser simbolicamente equiparadas, polo seu carácter periférico no contexto europeo, coa galega.

Fronte a este paradigma cultural ou humanista, cómpre recoñecer outro, que denominarei paradigma industrial ou institucional. Neste último, as casas editoras, ao abeiro das políticas de subvención, desempeñan un papel cada vez máis importante tanto na diagnose como na restauración do que o propio campo presenta á sociedade literaria como ausencias e déficits que deben ser salvados.

Non se trata aquí de esgotar o abano de exemplos posibles, sen dúbida moito máis amplo do que este traballo permite debuxar, mais

Políticas e poéticas de segunda man: A espectralidade no proceso da tradución
María do Cebreiro
Rábade Villar

10

Unha proba deste recoñecemento póstumo son as escolmas das versións ao galego de tradutores inseridos no paradigma humanista, como a devandita de Xesús González Gómez (1991) sobre o corpus de Cunqueiro. Outro testemuño deste aprecio é a recente reedición, na editorial Galaxia, da *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego*, de Plácido Castro, Lois Tubío e F. M. Delgado Gurriarán (2004). Sen dúbida, este interese retrospectivo contrasta coa actual renuncia das editoriais galegas a ofrecer escolmas ou libros individuais de poesía estranxeira traducida ao galego.

podemos cavilar, a este respecto, na función de coleccións como 'As literatas' (en relación coa produción literaria internacional de autoría feminina) ou os 'Clásicos Universais' que dedica Galaxia á literatura contemporánea traducida. Se repasamos o catálogo desta última colección, vemos que, canda os nomes de 'tradutores profesionais, operan tamén os de 'autores' como Anxo A. Rei Ballesteros (*Molloy*, de Beckett) ou Xurxo Borrazás (*Trópico de cáncer*, de Henry James; *O ruído e a furia*, de William Faulkner). Aínda así, resulta ben sintomático que en ningún destes casos as editoriais fixesen un uso mediaticamente recoñecible da intervención dos autores no proceso da tradución, en aberto contraste co papel que lles é recoñecido retrospectivamente aos tradutores inseridos no paradigma humanista.¹⁰ Noutro sentido, o paradigma institucional da tradución explica fenómenos tan reveladores coma ese que, con ironía, poderíamos denominar 'tradución preventiva'. O obxectivo das prácticas tradutivas contemporáneas xa non é posibilitar o acceso dos lectores e lectoras en lingua galega aos modelos literarios que se xulgan de excelencia, senón asegurar que Paul Auster será traducido antes (ou, como máis tarde, ao mesmo tempo) en galego que en castelán. A 'tradución preventiva' atópase en relación coa estreita connivencia que, no campo cultural galego, se dá entre o nacionalismo cultural e as políticas de tradución das casas editoras. Ou, se se prefire, debido á especificidade das circunstancias que rodean a produción e a recepción da literatura en lingua galega, prodúcese unha concorrencia entre os ditados institucionais que prescriben a normalidade como meta da cultura e os valores que rexen a actividade dos grupos editoriais. Esta concorrencia vén determinada, sen dúbida, pola política de subvencións, sen ser en absoluto reducible a ela. Non é de estrañar, por exemplo, que o discurso sobre as 'industrias culturais' (tan lonxe xa do horizonte a Escola de Frankfurt) pasase a artellar a acción governamental nos últimos anos, como o proba a decidida aposta institucional polas feiras, salóns e outros escaparates contemporáneos da cultura.

Avance ou retroceso? As narrativas críticas sobre a tradución en Galicia

Avaliar os usos e funcións da tradución de autor no campo literario actual pide examinar de preto os discursos críticos xerados polo propio campo. É dicir, para alén da realidade material dos textos traducidos por determinados autores, cómpre reflexionar sobre o xeito no que os axentes do sistema avalían o estado da tradución como práctica cultural. Como anunciei no primeiro epígrafe deste artigo, nos últimos cinco anos veuse xerando unha narrativa crítica de carácter teleolóxico que, por unha banda, tende a opoñer as traducións profesionais ás traducións de autor e, por outra banda, asigna máis valor ás primeiras que ás segundas.

Se falo de finalismo para me referir a este relato é porque, superposto a esta pauta de valoración, opera un discurso temporal onde as traducións de autor obedecerían a un estadio precedente (e, polo tanto, susceptible de ser 'superado') ás traducións profesionais. Así, este relato considera que a práctica da tradución en Galicia evolucionou dende un estadio de traballo voluntarista onde os autores-tradutores debían suplir co seu papel individual un labor que, en sistemas máis normalizados, se levaría a cabo noutros termos a un estadio profesional onde, á fin, o exercicio de traducir é desempeñado por especialistas entrenados previamente na tarefa. Coma sempre, resulta suxestivo confrontar este relato crítico cos

Políticas e poéticas de segunda man: A espectralidade no proceso da tradución
María do Cebreiro
Rábade Villar

II

Para as implicacións historiográficas do pensamento de Benjamin, sobre todo no que atinxe ás súas reflexións sobre a perda, a experiencia e a ruptura, véxase Gabriel Amengual, que no arranque do seu capítulo anota: 'No es necesario argumentar que Walter Benjamin es un pensador y un testigo de los cambios históricos que se suelen caracterizar como "ruptura de la tradición". Sin que sea el único, es ciertamente uno de los más clarividentes. Se le puede aplicar a él mismo aquel título que encabeza un capítulo de Dirección única: Feuermelder, 'avisador de fuego' o 'vigilante de incendios', en el sentido de que fue una persona que percibió los indicios de los acontecimientos que se avecinaban, incluso antes de que se manifestaran en la superficie. De hecho parece que fue el que mejor presintió el gran desastre inminente, gracias a su conciencia apocalíptica, que no es otra cosa que un sentido agudizado, no para la catástrofe futura, última, escatológica, sino para la presente.' (Amengual 2008: 29)

12

Prefiro o calco léxico 'contador de historias' a 'narrador', pois translada ao meu ver máis axeitadamente os matices das reflexións de Benjamin sobre un modo de relatar ameazado polos avances técnicos da sociedade industrial.

13

Non deixa de ser un valioso paradoxo que Benjamin deixase constancia explícita da súa reserva con respecto á tradución autorial tratándose el mesmo, en tantos sentidos, dun tradutor-autor. Sen ir máis lonxe, o seu artigo 'O labor da tradución' foi publicado orixinalmente como limiar a unha escolma de traducións dos *Tableaux parisiens* de Baudelaire, publicados en 1923.

datos que achega a historia da literatura galega, pois se no pasado coexistiron un Álvaro Cunqueiro cun Plácido Castro, na actualidade coexisten unha Eva Almazán cun Daniel Salgado.

Nada máis lonxe da miña intención que negar as mudanzas xeradas polo proceso de institucionalización e desenvolvemento industrial do campo literario galego. Mais, nun bucle argumental que ten moito de tautoloxía, esta crecente institucionalización, se cadra máis desexada que real, é a que tende a asignarlle unha posición de privilexio á tradución profesional fronte á de autor. Con frecuencia, os axentes implicados no campo consideran que a primeira responde mellor aos propósitos de planificación da cultura e normalización de mercado que a segunda. Fronte a esta tendencia á xerarquía nos discursos editoriais, o que é dado deducir é que ningún campo literario, en Galicia ou fóra de Galicia, e fágase o corte diacrónico que se faga, exclúe a coexistencia de moi diversas prácticas tradutoras, non todas elas suxeitas en exclusiva á esfera mercantil.

Deixar quedar, facer pasar. A tradución de autor como proceso situado entre a conciencia de perda e o testemuño da intervención

Do que se trata, xa que logo, é de examinar a trama de sentido que fundamenta o debate sobre a 'necesidade' dunha política editorial baseada na profesionalización da tradución en Galicia. Na orixe deste debate cómpre situar un desprazamento nos obxectivos culturais do campo literario galego. A miña hipótese é que dende os anos cincuenta aos anos setenta predominou, tanto na escrita como na tradución, a figura benjaminiana do 'contador de historias'.¹¹ Como é sabido, Benjamin ve no contador de historias¹² un transmisor de contidos culturais que, de non mediar el, estarían suxeitos á perda e cuxo papel, de acordo coa dialéctica do autor entre patrimonio e técnica, entraría en crise nas modernas sociedades industriais. A tradución de autor sitúase claramente ao abeiro deste paradigma do 'contador de historias', na medida en que está vinculada á supervivencia ou ao 'deixar quedar' contidos ameazados pola desaparición. Este deixar quedar, á súa vez, debe ser entendido como un proceso de transformación, pois como deixou escrito Benjamin nunha fermosa reflexión sobre a alteridade no traballo da tradución 'o que nos é propio ten que ser aprendido na mesma medida do que nos é estraño'.¹³ Dende o punto de vista dos valores que lle son asignados por parte da sociedade literaria, o tradutor-autor tenta facer sobrevivir o que, de non mediar o seu labor, tal vez sería dado ao esquecemento.

En claro contraste con este entendemento da tradución, dende os anos oitenta até a actualidade, a axenda cultural galega sitúase deliberadamente, e dun xeito se cadra máis proxectivo que realista, baixo a aspiración da normalización e da planificación culturais. En correspondencia con este proceso, que se intensificou notablemente nos últimos anos, a tradución profesional viría reemprazar como desideratum, o conxunto de prácticas literarias baseadas na transmisión de historias. O tradutor profesional non pretendería tanto 'deixar quedar' como 'facer pasar' ou, se se prefire, servir de ponte entre dous sistemas posibilitando que o texto procedente dunha determinada tradición acade un papel funcional na comunidade literaria de chegada. Neste sentido, a tradución profesional non está ligada á noción de supervivencia senón á de substitución por equivalencia. Ou, por formulalo en termos da socioloxía marxista, a tradución profesional

converte en valor de cambio o que na tradución de autor era valor de uso. Situados como estamos na retórica cultural da obrigada internacionalización da cultura galega, por veces semella que o importante non é tanto salvar a perda cultural no que ten de dano para a comunidade como garantir unha imaxe social de normalidade, sexa esta normalidade real ou non.

A espectralidade nos procesos de importación e de exportación. A tradución de autor como práctica resistente.

En que sentido, xa que logo, pode ser entendida como espectral a tradución de autor? Precisamente no sentido en que testemuña un modelo de entendemento dos bens culturais ameazado polas políticas editoriais de orientación máis mercantil, en alianza contemporánea cunha concepción do nacionalismo literario avalada (é dicir, financiada) polas institucións culturais. O espectral, xa que logo, emerxe aquí como unha figura da resistencia, como o indicio de que o vello paradigma cultural (que onte chamamos humanista e que hoxe, sorprendentemente, poderíamos chamar case revolucionario) aínda algo que dicir sobre as políticas comerciais e normativas do presente.

A espectralidade deste modelo tradutivo déixase ver tamén na variabilidade e na inestabilidade dos papeis que o campo literario lle outorga á figura do tradutor-autor, factores que se ven acentuados cando entra en xogo a dinámica asimétrica das relacións entre os sistemas literarios. Teresa Moure, tradutora ao castelán da súa obra ensaística e ficcional, é percibida maioritariamente no sistema de chegada como autora en lingua castelá, de xeito que o seu labor de tradución queda invisibilizado mediáticamente a favor doutros trazos (autoriais e repertoriais) que os axentes e editores consideran máis rendibles dende o punto de vista comercial.

Nunha refutación da práctica da autotradución referida ao contexto gaélico escocés-inglés, Christopher Whyte enuncia as relacións de poder que subxacen a esta práctica, así como os perigos de silenciamento da lingua que conta cun menor peso institucional e comercial:

There is no better form of criticism than translation, and when neither language involved carries the stigma of being the “mother-tongue”, your perception is even more defamiliarised and acute. The practice of self-translation is never innocent [...]. If translation is about crossing barriers, contaminating one language with the experience and the rhythms of another, self-translation occurs in situations of exile or of crude subjugation, where one language is attempting to take the place of another. (Whyte 2002: 6)

Consideracións como as verquidas por Whyte poden falar tamén da asimetría que media entre o mercado do libro en lingua castelá e o mercado do libro en lingua galega. Pero as respostas á desproporción poden ser creativas, e non únicamente asimiladoras. Pois se, como vimos, nalgúns casos as editoras galegas optan por non visibilizar a tarefa dos tradutores-autores en obediencia á doxa que atribúe máis valor á tradución profesional, hai tamén no presente excepcións a esta regra, como a opción editorial de subliñar o papel de Daniel Salgado na tradución de Allen Ginsberg. A distancia que separa os obxectivos de Lumen dos de Edicións Positivas é susceptible de ser medida en atención a parámetros

*Políticas e poéticas de segunda
man: A espectralidade no
proceso da tradución*
María do Cebreiro
Rábade Villar

14

Débolle a formulación desta hipótese ao intercambio de ideas que, sobre este tema, mantiven con Helena Miguélez Carballeira.

como o volume de vendas, mais non só. Na análise dos papeis do tradutor profesional e do autorial é preciso incorporar tamén a diferenza entre os procesos de importación e de exportación textual, determinados pola posición relativa dos sistemas implicados e pola diferenza nos perfís das casas editoras.

En suma, o que subxace a moitos dos efectos de campo aludidos non é tanto a vontade de aparecer ou desaparecer por parte dos autores como o xeito no que os seus nomes serven (ou estorban) a determinados propósitos sistémicos. Por outra banda, a noción de 'tradución' que opere en cada conxunto literario determinará tamén o grao de visibilidade que se lle outorgue a quen traduce. Podería enunciarse a hipótese de que canto máis tradicional sexa a idea de tradución vixente na comunidade, menos visible será o labor do tradutor.¹⁴ No presente, entre nós, contra as nocións tradicionais da práctica de traducir, érguense, infatigables, propostas como a de Erín Moure e Chus Pato, que nas súas lecturas conxuntas do libro *Teatriños* (Moure, 2007) desafían as categorías de 'orixinal', 'autoridade textual', 'intercambio lingüístico' ou 'lingua incontaminada'. Pois o que resulta innegable é que as escritoras e escritores, tanto no pasado humanista coma no presente industrial, se resisten a deixar de traducir, asumindo o risco e o desafío que Paul Ricoeur (2004) recoñecía como inherentes a esta tarefa. Ao meu ver, a resistencia flutuante pero firme de quen, sexa ou non escritor, traduce libremente testemuña o seu desexo de seguir operando como árbitro necesario dun proceso que non ten por que ser totalmente reducible á conversión da cultura en mercadoría.



Referencias

- AMENGUAL, Gabriel, 2008. 'Pérdida de la experiencia y ruptura de la tradición. La experiencia en el pensamiento de Walter Benjamin', en Amengual 2008: 27-45.
- , Gabriel, Mateu CABOT & Juan L. VERMAL, eds., 2008. *Ruptura de la tradición. Estudios sobre Walter Benjamin y Martin Heidegger* (Madrid: Trotta).
- ARENDT, Hanna, ed., 1972. Walter Benjamin. *Illuminations* (New York: Schocken Books).
- BASSNETT, Susan, 1998. 'When is a Translation not a Translation?', en Bassnett & Lefevere: 25-40.
- ___, Susan & André LEFEVERE, eds., 1998. *Constructing Cultures. Essays on Literary Translation* (Clevedon: Multilingual Matters).
- ___, Susan & Harish TRIVEDI, eds., 1999. *Post-Colonial Translation. Theory and Practice* (London & New York: Routledge).
- BENJAMIN, Walter, 1923. 'The Task of Translator', en Arendt: 69-82.
- BORRAZÁS, Xurxo, trad., 2006. Henry JAMES. *Trópico de cáncer* (Vigo: Galaxia).
- , Xurxo, trad., 2007. William FAULKNER. *O ruído e a furia* (Vigo: Galaxia).
- CABANA, Darío Xohán, trad., 1989. Francesco PETRARCA. *Cancioneiro* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia).
- ___, Darío Xohán, trad., 1990. Dante ALIGHIERI. *A divina comedia* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia).
- CASTRO, Plácido, Luís Tubío e F. M. Delgado Gurriarán, 2004. *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego* (Vigo: Galaxia).
- CASTRO, Olga, 2005. 'As traducións de literatura galega no Reino Unido. Situación actual e proxección de futuro (1995-2005)', *Anuario de Estudos Literarios Galegos* 2005: 23-27.
- CASTRO BÜERGER, Iago, 2004. 'Os alófonos fantásticos. Poemas descoñecidos de Álvaro Cunqueiro', *Anuario de Estudos Literarios Galegos* 2004: 30-39.
- COMPAGNON, Antoine, 1979. *La seconde main ou le travail de la Citation* (Seuil: Paris).
- DOCE, Jordi, 2008. 'Traducir. Tres asedios', en Gómez Montero: 13-35.
- FRAGA, Xesús, trad., 2006. Julian BARNES. *Arthur e George* (Cangas do Morrazo: Rinoceronte).

- _____, trad., 2008. Vladimir NABOKOV. *Lolita* (Vigo: Faktoría K de Libros).
- FILIPPAKOPOULOU, Maria, 2005. 'Self-Translation. Reviving the Author?'. In *Other Words* 25: 23-27.
- GÓMEZ MONTERO, Javier, ed., 2008. *Nuevas pautas de traducción literaria* (Madrid: Visor).
- GONZÁLEZ GÓMEZ, Xesús, 1991. Álvaro CUNQUEIRO. *Flor de diversos. Escolma de poetas traducidos* (Vigo: Galaxia).
- KAMPPFF LAGES, Susana, 2002. *Walter Benjamin. Tradução e Melancolia* (São Paulo: EDUSP).
- MOURE, Erín, 2007. *Teatriños ou aturuxos calados*. (Vigo: Galaxia).
- OUTEIRIÑO, Manuel, trad., 1992. Lawrence STERNE. *Unha viaxe sentimental por Francia e Italia* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- PAZOS BALADO, M^a Carme, 1993. 'Álvaro Cunqueiro, tradutor', en *Congreso Álvaro Cunqueiro* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia): 89-99.
- REY BALLESTEROS, Anxo, trad., 2006. Samuel BECKETT. *Molloy* (Vigo: Galaxia).
- SALGADO, Daniel, trad., 2007. Allen GINGSBERG. *Ouveo* (Santiago de Compostela: Positivas).
- STEINER, George, 1975. *After Babel. Aspects of Language and Translation* (Oxford: Oxford University Press).
- TYMOCZKO, Maria, 1999. 'Post-colonial Writing and Literary Translation', en Bassnett & Trivedi: 19-40.
- _____, 2000. 'Translation and Political Engagement. Activism, Social Change and the Role of Translation in Geopolitical Shifts', *The Translator* 6(1): 23-47.
- TYMOCZKO, Maria & Edwin GENTZLER, eds., 2003. *Translation and Power* (Amherst/Boston: University of Massachusetts Press).
- VENUTI, Lawrence, ed., 1992. *Rethinking Translation: Discourse, Subjectivity and Ideology* (London & New York: Routledge).
- _____, 1995. *The Translator's Invisibility: a History of Translation* (London & New York: Routledge).
- WHYTE, Christopher, 2002. 'Against Self-Translation', *Translation and Literature* 2(1): 64-71.